

Departamento de Economía

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1 Introducción	3
1.2 Mecanismos de avaliación e modificación das programacións didácticas.....	3
1.2.1 Indicadores de Avaliación da Materia	4
1.2.2 Indicadores de logro da práctica docente	5
1.2.3 Indicadores de logro do proceso de ensino	6
2. ECONOMÍA 4º ESO.....	8
2.1 Introducción	8
2.2 Desenvolvemento das competencias clave	8
2.3 Obxectivos.....	10
2.3.1 Obxectivos xerais da etapa	10
2.3.2 Obxectivos específicos da materia de economía	11
2.4 Concreción para cada estándar de aprendizaxe. Relación coas competencias clave, mínimos exigibles e ponderación.	11
2.5 Relación entre unidades didácticas e currículo.....	16
2.6 Grao mínimo de consecución de estándares e procedementos de avaliación	19
2.7 Concrecións metodolóxicas que require a materia	19
2.8 Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.....	20
2.9 Criterios de cualificación e promoción do alumnado	21
2.9.1 Criterios de cualificación.....	21
2.9.2 Criterios de promoción.....	22
2.10 Organización das avaliacións da materia pendente.	22
2.11 Concreción dos elementos Transversais.....	22
2.12 Medidas de atención á diversidade	24
3. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA. 4º ESO.....	24
3.1 Introducción e contextualización	24
3.2 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	25
3.3 Concreción dos obxectivos por curso	25
3.4 Concreción para cada estándar de aprendizaxe.....	26
3.5 Relación entre unidades didácticas e currículo.....	48
3.6 Grao mínimo de consecución de estándares e procedementos de avaliación	49
3.7 Consideracións metodolóxicas que requira a materia.....	49
3.8 Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar	50
3.9 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	51
3.9.1 criterios de avaliación.....	51
3.9.2 criterios de avaliación:.....	51
3.9.4 Instrumentos de Avaliación.....	54
3.10 Organización das avaliacións da materia pendente.	54
3.11 Concreción dos elementos transversais	55
3.12 Medidas de atención á diversidade	55
4. ECONOMIA DA EMPRESA 2º BACHARELATO	57
4.1 Introducción	57
4.2 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	57
4.3 Obxectivos do bacharelato	58

4.4	Obxectivos específicos da materia	59
4.5	Concreción para cada estándar de aprendizaxe. Relación coas competencias clave, mínimos esixibles e ponderación.....	60
4.6	Relación entre unidades didácticas e currículo.....	65
4.7	Grao mínimo de consecución de estándares e procedementos de avaliación	66
4.8	Concrecións metodolóxicas que require a materia	66
4.9	Materiais e recursos didácticos	67
4.10	Criterios de cualificación e promoción	68
4.10.1	Instrumentos de avaliación.	68
4.10.2	Criterios de cualificación.....	68
4.10.3	Criterios de promoción.....	69
4.11	Organización de materias pendentes.....	69
4.12	Concreción dos elementos transversais	69
4.13	Medidas de atención á diversidade	70
4.13.1	Directrices para a avaliación inicial.....	70
4.13.2	Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	70
	Proba de avaliación inicial (1).....	71

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Introducción

Este documento de programación educativa para o curso 2022-2023 ten como obxectivo planificar o traballo de ensino dunha forma eficaz, organizando o proceso de aprendizaxe dos alumnos.

Tamén o profesor necesita planificar a súa actividade. Esta planificación é esencial para atender tanto co estipulado polos regulamentos (estatal e / ou autonómico), como a necesidade de adaptar tal marco regulamentario ao seu contexto. A través de programación educativa, determínase que:

1. Que - cando - Como ensinar.
2. Que - cando - Como avaliar.
3. Como xestionar a diversidade en canto aos resultados académicos.

1.2 Mecanismos de avaliación e modificación das programacións didácticas.

Co fin de poder mellorar a programación didáctica dos anos vindeiros e cara a detectar áreas de mellora establécense os seguintes mecanismos:

- Introducir no plan de seguimento da programación a recollida do cumprimento da temporalización de cada unidade didáctica e os problemas atopados para o seu cumprimento completo.
- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.
- O grao de desenvolvemento da programación didáctica.
- Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.
- Recoller na memoria final do curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos e realizar unha valoración para seleccionar aquelas achegas que poidan incorporarse á programación do ano vindeiro.
- O desenvolvemento da programación didáctica analízase nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.
- ***A periodicidade dos tres aspectos analizaranse nas avaliacións correspondentes e para cada curso*** e serán obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores.

Os modelos de seguimento son os seguintes:

1.2.1 Indicadores de Avaliación da Materia

AXUSTE DA PROGRAMACIÓN DOCENTE trimestral

AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSEÑANZA	4º ESO		2º BACHARELATO
1.-A adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado foi			
2.-As aprendizaxes acadadas polo alumnado foron: (1)			
3.-As medidas de atención á diversidade dentro da aula foron:			
4.-O desenvolvemento da programación didáctica foi: (2)			
5.-A organización da aula para desenvolver as programacións foi:			
6.-O aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións foi:			
7.-Os procedementos de avaliación do alumnado foron			
8.-A coordinación do profesor co resto do equipo docente foi			
B: Boa, A: Aceptable, M: Mellorable (1) Éxito académico (porcentaxe de aprobados). ESO: B >90%; M < 75% // BACHARELATO: B >70%; M < 50% (2) Programación impartida: B : impartida o 100%; M: impartida <75%			

N.º de clases previstas	
N.º de clases impartidas	
Porcentaxe	

Estándares de aprendizaxe avaliados propostos na avaliación

N.º de estándares de aprendizaxe programados traballados	
--	--

N.º de estándares de aprendizaxe programados que non se traballaron.	
CAUSA	
Programación pouco realista respecto o tempo dispoñible.	
Perda de clases.	
Outros (especificar).	

Proposta docente respecto ós estándares de aprendizaxe non traballados:

PROPOSTA	ESTÁNDARES
Se traballarán na seguinte avaliación.	
Se traballarán mediante traballo para casa.	
Se traballarán durante o curso seguinte.	
Non se traballarán.	
Outros (especificar).	

INDICADORES	VALORACIÓN			
	4	3	2	1
Espazos				
Tempos				
Recursos e materiais didácticos				
Agrupamentos				
Outros (especificar)				

Todos os

meses comprobaremos o grao de cumprimento da programación. A súa evolución quedará recollida no libro de informes mensual do departamento de economía. Así mesmo á finais do curso académico pasarase unha enquisa ó alumnado para avaliar dende o seu punto de vista o desenvolvemento que se fixo da materia.

1.2.2 Indicadores de logro da práctica docente

	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				

3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Os materiais son axeitados as capacidades do alumnado e aos contidos da materia				
15. Os cuestionarios son adecuados a cada bloque temático				
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación				

1.2.3 Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear o interese que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a aplicación e transferencia do coñecemento.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
7. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
8. Correspondeuse o traballo do alumnado dentro do grupo coa avaliación obxectiva da materia.				

9. A avaliación foi obxectiva.				
10. A asistencia e compromiso coa materia foi a adecuada.				

2. ECONOMÍA 4º ESO

2.1 Introducción

De acordo coas recomendacións da Comisión Europea e da OCDE o impulso da educación económica e financeira e o fomento da iniciativa emprendedora entre os mozos, son aspectos esenciais para contribuír a reducir o desemprego e a exclusión social. De igual maneira, anticipar as competencias profesionais no ámbito económico, financeiro e do mundo da empresa, son elementos clave para consolidar a educación como elemento clave para mellorar a competitividade e o progreso social.

As evidencias empíricas móstrannos que aquelas persoas que recibiron algún tipo de formación financeira están máis predispostas ao aforro, á previsión de fondos para a xubilación, a estimar dun modo racional as oportunidades e riscos inherentes aos distintos produtos e servizos financeiros e a protexerse ante posibles fraudes nas súas decisións de investimento e financiamento.

Aos beneficios expostos no plano individual, a promoción da educación financeira contribúe a reducir os custos que o estado e a sociedade no seu conxunto, teñen que asumir cando os cidadáns toman decisións erróneas, ou non as toman en absoluto, no ámbito económico e financeiro.

2.2 Desenvolvemento das competencias clave

A materia de economía contribúe ao logro de:

a) Comunicación lingüística

Contribúe a alcanzar destrezas básicas como a lectura, a conversación e a escritura, para levar a cabo diferentes tarefas, desde a participación, de comunicación de grupo, expresión de ideas, elaboración dun plan de negocio, listaxe de tarefas para desenvolver a actividade do plan de empresa, xeración de diferentes documentos administrativos necesarios, comprensión de noticias económicas de prensa ,etc mediante a introdución de lecturas ao longo de cada temas (conto inicial, “periscopios”, taller de prensa, etc.), comentarios de texto periodístico ou debate e análises.

b) Competencia financiara (Extra curricular)

As razóns para incluír a educación financeira son variadas, desde as cada vez máis frecuentes crises económicas, aos axustes nos sistemas de axudas públicas ou o avellentamento da poboación nos países desenvolvidos. Faise necesario que os cidadáns aborden a toma de decisións financeiras coa maior información e coñecemento posible.

Os contidos abordan a planificación de gastos, a elaboración de presupostos, ou o fomento do aforro . O alumno será capaz de xestionar de forma efectiva os seus gastos ou as débedas a curto prazo, logrando así os seus obxectivos persoais.

c) Competencia matemática.

A adquisición de esta competencia suporá a capacidade de poñer en práctica procesos de razoamento que leven á solución de problemas da vida cotiá. Coa introdución nas distintas unidades de ferramentas matemáticas resolver problemas, de lectura e interpretación de gráficos e a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas con accións como a planificación de gastos e ingresos, o cálculo de beneficios ou perdas.

d) Competencia dixital

Na actualidade, é necesario o uso das tecnoloxías da información no traballo, lecer, aprendizaxe, participación na sociedade, etc. É fundamental coñecer aplicacións informáticas, o acceso ás fontes e o procesamento da información. Todo iso desenvolverase nas diferentes tarefas propostas, tanto individuais como grupais, nas que se requira consultar páxinas web para obter información ou xerar documentos relacionados co plan de empresa, así como tarefas de carácter administrativo, mediante a utilización de diferentes programas de xestión de tratamento de textos, bases de datos, almacenamento e xestión de información, correo electrónico, etc. Tamén se procura desenvolver a capacidade de buscar, obter e tratar a información, así como de utilizala de maneira crítica, avaliando a súa pertinencia e diferenciando entre

información real e virtual. Exporanse tarefas nas que se necesite o uso dos recursos tecnolóxicos, desenvolvendo unha actitude activa, segura e crítica cara a estes.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Elaborar e publicar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías. (respecto do copyright)

e) Conciencia e expresións culturais

A expresión cultural é fundamental para o desenvolvemento de aptitudes creativas que podamos trasladar a varios contextos profesionais. Desde a área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial podemos adestrar diferentes aspectos, como a apreciación da importancia da expresión creativa de ideas e experiencias a través de distintos medios.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

f) Competencias sociais e cívicas

Esta competencia necesita do coñecemento e adestramento de diferentes habilidades para elaborar ideas, ter en conta a opinión dos demais, tomar decisións, resolver conflitos, interactuar con outras persoas e grupos respectando unhas normas, interpretar fenómenos e problemas sociais. Os diferentes aspectos a tratar desde esta área, como a empresa e a responsabilidade social, o espírito emprendedor, a creatividade e a innovación, o papel do Estado e as Administracións Públicas nas empresas, o valor social do diñeiro, os intermediarios financeiros na sociedade, a análise dos impostos con respecto ao benestar social, os dereitos e deberes dos consumidores no mundo do negocio, etc., permitirán ao alumnado a obtención dos coñecementos e as habilidades necesarios para o desenvolvemento desta competencia.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

g) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área Emprendedora e Empresarial implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Desde esta área, desenvolveranse capacidades e habilidades no alumnado relacionadas coa autonomía persoal, o liderado e a creatividade, e habilidades empresariais como a planificación, a organización, a xestión e a toma de decisións, a participación, o liderado e a delegación, o pensamento crítico, o sentido da responsabilidade, o recoñecemento de fortalezas e debilidades dun mesmo e dun proxecto, a avaliación, a asunción de riscos, etc.

Os descritores que adestraremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Atopar posibilidades na contorna que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

h) Aprender a aprender

Esta competencia é fundamental para a aprendizaxe do día a día do alumno nos diferentes contextos nos que se atope. Traballo de aspectos como a capacidade para iniciar, organizar e persistir no proxecto empresarial, polo que esixe que o alumnado se motive para levar a cabo as diferentes accións, recoñeza as súas fortalezas e aprobeiteas, coñeza e controle os procesos levados a cabo, utilice diferentes estratexias para o coñecemento dos aspectos relacionados coa autonomía persoal, así como que coñeza os mecanismos de

creación de empresas e as finanzas, e desenvolver o seu pensamento crítico e creativo para o descubrimento de novas posibilidades. Todo iso co obxectivo de mellorar a nosa contorna e avaliar se se alcanzan os obxectivos preestablecidos.

2.3 Obxectivos

2.3.1 Obxectivos xerais da etapa

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na lingua galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.3.2 Obxectivos específicos da materia de economía

Obx.EC.1. Integrar o concepto de economía como ciencia da elección. Identificar os principais axentes económicos, a súa actuación e as relacións entre eles. Valorar criticamente o impacto das accións dos axentes económicos sobre a contorna.

Obx.EC.2. Adquirir y empregar vocabulario económico con precisión e rigor, de modo que permita coñecer, valorar e interpretar a realidade económica e social que nos rodea.

Obx.EC.3. Describir a importancia da empresa e o emprendemento no proceso de creación de riqueza dunha sociedade.

Obx.EC.4. Identificar as consecuencias das actividades empresariais para a propia empresa, os seus traballadores e a sociedade no seu conxunto.

Obx.EC.5. Coñecer, controlar e xestionar as variables de ingresos e gastos dun presuposto persoal e decidir con racionalidade entre distintas alternativas económicas da vida persoal e relacionalas co benestar propio e social.

Obx.EC.6. Analizar o papel do diñeiro no funcionamento da sociedade. Valorar o aforro como medio para alcanzar logros persoais.

Obx.EC.7. Explicar o papel do sector público, como garante do marco de actuación e como axente económico. Valorar criticamente os efectos da súa actuación ou ausencia de actuación respecto á igualdade e o benestar dunha sociedade.

Obx.EC.8. Diagnosticar os efectos da inflación como elemento distorsionador das decisións que tomamos os axentes económicos nunha sociedade.

Obx.EC.9. Analizar as características principais do mercado de trabalo, as políticas de emprego e valorar as oportunidades que presenta.

Obx.EC.10. Coñecer e valorar as vantaxes que supón o comercio internacional, así como os custes que implica no desenvolvemento dalgúns países. Valorar o potencial da integración económica e as perspectivas da economía galega no marco da internacionalización económica.

Obx.EC.11. Buscar, seleccionar, comprender e valorar noticias económicas procedentes de distintas fontes.

Obx.EC.12. Realizar tarefas en grupo e participar no debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria de solución dos problemas económicos.

2.4 Concreción para cada estándar de aprendizaxe. Relación coas competencias clave, mínimos exixibles e ponderación.

Economía 4º ESO PRIMEIRO TRIMESTRE

CONTIDO	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCC	MÍNIMOS ESIXIBLES	PONDERACIÓN
B1.1 Economía como ciencia. Actividade económica e sociedade. B1.2 principios na toma de decisións económicas B1.3A escaseza. A elección e a asignación de recursos. O custo de oportunidade	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica a súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	CCL, CSC CAA CD	- Realiza actividades de simulación, comparando situacións de economía planificada con situacións de libre mercado - Clasifica distintos tipos de necesidades. - Aborda o uso alternativo dun mesmo recurso aplicado a necesidades distintas. - Reflexiona sobre as decisións acerca dos recursos limitados.	5% 5%
B1.4 modelos económicos B1.5 Fronteira de posibilidades de produción.	B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. ECB1.2.2. Diferenza entre economía positiva e economía normativa. ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	CCL, CAA, CD, CMCCT	- Diferenza entre renda e riqueza. . - Discrimina eficientemente activos e pasivos. - Establece diferenzas entre proposicións normativas e positivas, discriminando entre ambas as a partir de exemplos cotiáns. - Relaciona o concepto de custo de oportunidade coa Fronteira de Posibilidades de Produción, calculando o seu importe total e unitario e identificando as súas zonas.	4.5% 5% 4.5%
B1.6 As relacións económicas básicas e a súa representación.	B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.	ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu ámbito.	CMCCT CSC	- Enumera os tipos de axentes económicos e explícita as súas funcións, propondo exemplos reais. - Representa as relacións existentes entre axentes económicos	8% 4%
B2.1A empresa e o empresario Formas xurídicas das empresas.	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as	ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre	CMCCT CSIEE, CAA CD CSC	- Distingue situacións nas que aparece a figura da persoa empresarial. - Recoñece as obrigacións e os dereitos da actividade empresarial. - Coñece os requisitos de capital e legais para que unha sociedade adquira	5% 4%

	interrelacións das empresas no seu ámbito inmediato.	clasificación das empresas. ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu ámbito máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.		personalidade xurídica e para realizar unha actividade empresarial de maneira individual. - Distingue, valora e cuantifica os diferentes tipos de empresas existentes na economía española/ galega	4%
B2.2 Elementos funcións e obxectivos da empresa	B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	CMCCT CSC	Clasifica as empresas a partir de casos reais atendendo a criterios de tamaño, capital e sector de actividade.	8%
		ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CD CSC	- Identifica os sectores económico - É capaz de extraer retos e oportunidades dun determinado sector nunha lectura de prensa e reflexionar sobre eles.	6%
B2.7Financiam ento e investimento. - Tipos de financiamento.	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CCL, CD CMCCT	- Coñece os compoñentes básicos da estrutura económica e financeira da empresa. - Coñece o custo de cada tipo de financiamento. - Distingue vantaxes e inconvenientes do financiamento propio.	5%
B2.8 Ingresos, custos e gastos. -B2.9 O beneficio.	B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD, CMCCT	- Diferenza entre ingresos, custos e gastos. - Discrimina tipos de ingresos e gastos. - Coñece o proceso de maximización de beneficio e o porqué dos seus argumentos. - Calcula o punto morto de explotación e interpreta o seu significado.	9%
B2.10 Fiscalidade empresarial	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividade, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	CD, CMCCT , CSC	- Identifica as obrigacións fiscais das empresas. - Explica a diferenza entre impostos proporcionais e progresivos.	4%
		ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.		- Coñece o funcionamento do IVE. -Coñece o imposto de sociedades	3%

Economía 4º ESO SEGUNDO TRIMESTRE

CONTIDO	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCC	MÍNIMOS ESIXIBLES	PONDERACIÓN
<p>B3.1 Orzamento persoal.</p> <p>Control dos ingresos e dos gastos.</p> <p>-B3.2 Xestión do orzamento.</p> <p>-B3.3 Aforro e endebedamento.</p> <p>- Planificación financeira do futuro.</p> <p>- Risco e diversificación</p>	<p>B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.</p>	<p>ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.</p>	<p>CAA,</p> <p>CD,</p> <p>CMCC</p> <p>T</p>	<p>- Identifica gastos e ingresos persoais e os clasifica.</p> <p>- Elabora e modifica un orzamento persoal, identificando, clasificando e discriminando entre diferentes tipos de ingresos e gastos.</p>	5%
		<p>ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.</p>		<p>- Elabora e modifica un orzamento persoal usando software de oficina (folla de cálculo).</p> <p>- A partir da evidencia anterior, é capaz de realizar gráficas que representan os pesos relativos de ingresos e gastos.</p>	4%
		<p>ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.</p>		<p>- Elabora e modifica un orzamento persoal usando software de oficina (folla de cálculo).</p> <p>- A partir da evidencia anterior, é capaz de realizar gráficas que representan os pesos relativos de ingresos e gastos.</p>	4%
<p>B4 O diñeiro.</p> <p>- Diñeiro fiduciario.</p> <p>- O diñeiro bancario.</p> <p>- Contratos financeiros.</p> <p>- O contrato de seguro</p>	<p>B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.</p>	<p>ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.</p>	<p>CAA,</p> <p>CSIEE</p>	<p>- Recoñece a necesidade de realizar planificacións intertemporais.</p> <p>- Calcula, en supostos sinxelos, a contía da renda permanente sobre a cal planificar unha senda de consumo.</p>	6%
	<p>B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.</p>	<p>ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto</p>	<p>CAA</p> <p>,CSC</p>	<p>- Coñece e identifica os factores que xeran unha burbulla económica.</p> <p>- Exprésase sobre a conveniencia ou non de asumir determinado nivel de débeda en función dos ingresos percibidos.</p> <p>- Explica a relevancia e uso futuro do aforro persoal</p>	6%
		<p>ECB3.3.2 Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento,</p>		<p>Coñece distintas alternativas para xestionar aforros persoais.</p>	7%
<p>IES VIRXE DO MAR. DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA CURSO 2022-23</p>					

		momento.		que existen e comprende a relación risco/rendemento - Identifica individuos adversos o amantes al risco.	
	B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	<p>ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.</p> <p>ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.</p> <p>ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.</p> <p>ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.</p>	CCL, CMCC TCAA CD	<p>- Distingue os diferentes tipos de diñeiro e clasifícaos. - Coñece a fonte do valor do diñeiro fiduciario. - Coñece o proceso de creación monetaria e o efecto multiplicador dos depósitos bancarios. - Comprende e coñece as funcionalidades dunha conta corrente e os termos asociados a ela.</p> <p>Coñece as regras básicas de seguridade a ter en conta en relación coa operativa financeira e comercial a través de Internet - Identifica os elementos básicos dun contrato de internet.</p> <p>- Coñece o procedemento de reclamación ante unha entidade financeira.</p> <p>Identifica e explica as distintas modalidades de tarxetas que existen.</p>	<p>7%</p> <p>6%</p> <p>5%</p> <p>7%</p>
	B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA,CL,CM CCT	<p>- Explica que é un seguro e para que serve. - Identifica e discrimina tipos de contratos de seguro. - Identifica e clasifica os axentes que interveñen nunha operación de seguro.</p>	6%
B4 Política Fiscal Pesupostos Xerais do Estado	B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	<p>ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.</p> <p>ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.</p> <p>ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos</p>	CMCC T,CSC, CD,CC L	<p>- Explica as diferentes partidas de ingreso e gasto do estado.</p> <p>- Coñece o concepto de PXE. - Explica o concepto de “Estado do benestar”.</p> <p>- Mostra interese pola distribución dos gastos públicos entre las distintas partidas</p>	<p>6%</p> <p>5%</p> <p>5%</p>

		<p>ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.</p> <p>ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.</p>		<ul style="list-style-type: none"> - Coñece o funcionamento dos ciclos económicos. - Comprende o papel do estado na economía e a súa intervención a través de políticas macroeconómicas. - Explica o concepto de “fallo de mercado”. - Recoñece os tipos de política fiscal e os seus efectos. <p>Relaciona os ciclos económicos coa política fiscal dun país.</p>	5%
A débeda pública e o déficit público	B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	CCL,C MCCT	Coñece os conceptos de déficit público e de débeda pública e relaciónalos.	5%
Desigualdade económica e distribución da renda	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	<p>ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.</p> <p>ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda</p>	CCL,C MCCT, CSC,C AA,CD	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda. - Coñece e describe os instrumentos da distribución da renda. - Debate sobre temas relacionados coa distribución da riqueza. - Comprende o significado da curva de Lorenz. 	5% 5%

2.5 Relación entre unidades didácticas e currículo

Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe	TEMPO Horas lectivas
Bloque 1 Ideas económicas básicas	a,d,f	B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.	-Realiza un mapa conceptual do bloque	6
		B1.2. Principios na toma de decisións económicas.	- Dunha lista de necesidades, identifica cales son primarias, sociais, secundarias, colectivas..	
		B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	- Realiza unha pirámide de Maslow. - Describe o custo de oportunidade que supón na súa familia cada elección de gasto na administración do salario - Identifica o custo de oportunidade e os custos irrecuperables dunha serie de decisións dadas.	5
IES VIRXE DO MAR, DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA. CURSO 2022-23			- lectura e comentario dunha noticia relacionada ao tema	Página 16
	f,h,p	B1.4. O método na Economía:		

		modelos económicos. B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.	- Cuns datos propostos previamente, realiza unha gráfica de fronteira de posibilidades de produción e analiza movementos e cambios que se lle van indicando.	5
	a,f	B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.	- Representa a gráfica do fluxo circular da renda. - Dunha lista dada, ordena de maior a menor importancia as medidas para impulsar o crecemento económico. - <i>lectura e comentario dunha noticia actual asociada ao tema</i>	
Bloque 2. Economía e empresa	a,b,e,m	B2.1. A empresa e o/a empresario/a. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa.	- Debate en clase sobre a necesidade ou non da existencia das empresas. - Tomando unha empresa coñecida por eles identifica as funcións que cumpre na sociedade. - Aporta unha lista con tres tipos de empresas para cada forma xurídica e cada sector diferente da zona.	3 3
	a ,f,e	B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. B2.6. Sectores da actividade económica.	- Realiza un cadro cos sectores e os factores produtivos que utiliza cada sector e pon un exemplo de empresa que pertenza a cada un . - <i>lectura e comentario dunha noticia actual asociada ao tema.</i>	4
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar vos hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, vos seus antecedentes históricos e vos principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.4 Obxectivos específicos da materia

O ensino da Economía da empresa no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Identificar a natureza, funcións e principais características dos tipos de empresas máis representativos.
2. Apreciar o papel das empresas na satisfacción das necesidades dos consumidores e no aumento da calidade de vida e benestar da sociedade, así como elaborar xuízos ou criterios persoais sobre as súas disfuncións.
3. Analizar a actividade económica das empresas, en especial as da contorna inmediata, a partir da función específica de cada unha das súas áreas organizativas, as súas relacións internas e a súa dependencia externa.
4. Recoñecer a importancia que para as empresas e a sociedade teñen a investigación, as innovacións tecnolóxicas e a globalización económica en relación coa competitividade, o crecemento e a localización empresarial.
5. Valorar criticamente as posibles consecuencias sociais e ambientais da actividade empresarial, así como a súa implicación no esgotamento dos recursos naturais, sinalando a súa repercusión na calidade de vida das persoas.
6. Analizar o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.
7. Identificar as políticas de mercadotecnia de diferentes empresas en función dos

- mercados aos que dirixen os seus produtos.
8. Interpretar, de modo xeral, estados de contas anuais de empresas, identificando os seus posibles desequilibrios, e propor medidas correctoras.
 9. Obter, seleccionar e interpretar información, tratala de forma autónoma, utilizando, no seu caso, medios informáticos, e aplicala á toma de decisións empresariais.
 10. Diseñar e elaborar proxectos sinxelos de empresa con creatividade e iniciativa, propondo os diversos recursos e elementos necesarios para organizar e xestionar o seu desenvolvemento.

4.5 Concreción para cada estándar de aprendizaxe. Relación coas competencias clave, mínimos esixibles e ponderación

Economía da Empresa PRIMEIRO TRIMESTRE			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1.1 Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital	EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	CD,CMC CT,CSIE, CAA,CD, CCL	-Formas xurídicas das empresas -Criterios de clasificación de las empresas -Razo a forma xurídica apropiada correspondente a cada caso práctico -Funcións, elementos e obxectivos da empresa
B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do	EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.	CD,CMC CT,CSC, CSIEE	-Contorna da empresa -Responsabilidade social e ambiental da empresa - O proceso de creación de valor: a cadea de valor

<p>contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.</p>	<p>EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.</p> <p>EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.</p>		
<p>B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan.</p>	<p>EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.</p> <p>EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.</p> <p>EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.</p> <p>EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.</p> <p>EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.</p> <p>EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.</p> <p>EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.</p>	<p>CCL,CM CCT,CD, CSIEE,C AA</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Localización e dimensión empresarial -Estratexias de crecemento interno e externo -Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado -Importancia das pequenas e medianas empresas (PYMES) na economía -Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos de seu funcionamento
<p>B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións</p>	<p>EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar a súas consecuencias sociais.</p> <p>EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización</p>	<p>CMCCT CSC,CC L,CSIEE, CD,CAA</p>	<ul style="list-style-type: none"> -División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual. -Funcións básicas da dirección. - Planificación e toma de decisións estratéxicas. - Organización formal e informal da empresa: diseño e

<p>para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados.</p>	<p>informal da empresa. EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.</p>		<p>análise da súa estrutura. - A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación. - Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación.</p>
<p>Economía da Empresa SEGUNDO TRIMESTRE</p>			
<p>B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i.</p>	<p>EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores, interpreta os resultados obtidos, e coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.</p>	<p>CD,CMC CT,CSC, CAA</p>	<p>-Productividade como indicador da eficiencia e o seu cálculo -Significado de I+D+i e a súa relación coa competitividade e o crecemento</p>
<p>B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado.</p>	<p>EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como</p>	<p>CD,CMC CT,CSIE E</p>	<p>- Clasificación e cálculo dos custos na empresa. - Cálculo e interpretación e representación do limiar de rendibilidade da empresa.</p>

	instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.		
B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión.	EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.	CD,CMC CT,CSIE E	-Custes de xestión de inventarios. -Métodos de valoración de existencias. - Modelos de xestión de inventarios.
B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.	EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	CSIEE,C AA,CD,C MCCT,C SC	- Concepto e clases de mercado. -Técnicas de investigación de mercados. -Segmentación de mercados. -Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias. -Estratexias de márketing e ética empresarial. -Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing.
Economía da Empresa TERCEIRO TRIMESTRE			
B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu	EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os	CMCCT, CSIEE,C AA,CD	- A composición do patrimonio e a súa valoración. - As contas anuais e a imaxe fiel. -Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. - Análise e interpretación da información contable.

<p>significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora.</p>	<p>investimentos e o seu financiamento. EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa, mediante a utilización de rateos. EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.</p>		
<p>B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas.</p>	<p>EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.</p>	<p>CMCCT, CSIEE, C LC, CSC</p>	<p>- Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave da súa estrutura e do seu funcionamento.</p>
<p>B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e</p>	<p>EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.</p>	<p>CD, CSIE E, CMCC T, CCL, C AA</p>	<p>-Estrutura económica e financeira da empresa. -Concepto e clases de investimento. -Valoración e selección de proxectos de investimento. -Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento. - Ciclos da empresa. - Período medio de maduración.</p>

<p>razoar a elección máis axeitada.</p>	<p>EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.</p> <p>EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.</p> <p>EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.</p> <p>EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.</p> <p>EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.</p> <p>EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e a súas fases.</p> <p>EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, o períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.</p>		
---	---	--	--

4.6 Relación entre unidades didácticas e currículo

Os contidos estrutúranse en sete grandes bloques:

- **Bloque 1, A empresa:** ten como obxectivo iniciar ó alumno no estudo da empresa e o empresario. Se aborda el concepto de empresa, clases e principais características, as diferentes formas xurídicas que poden adoptar e as exixencias de capital, así como a súa responsabilidade social e medioambiental
- **Bloque 2, Desenvolvemento da empresa:** se analizan os factores para a localización da empresa, as estratexias de crecemento interno e externo que poden levar a cabo, a importancia das pequenas e medianas empresas, a internacionalización e o papel das multinacionais.
- **Bloque 3, Organización e dirección da empresa:** está dirixido ó estudo da organización y dirección da empresa. Inclúe contidos como as funcións básicas da dirección, a planificación e toma de decisións, a organización, a xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.
- **Bloque 4, A función produtiva:** pretende analizar o proceso produtivo, a eficiencia e a produtividade, Se aborda a importancia da investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e mellora da competitividade empresarial, se analizan os custes de produción, o limiar de rendibilidade da empresa e a xestión dos inventarios.
- **Bloque 5, A función comercial da empresa:** forman parte dos contidos de este bloque as clases de mercado e a investigación de mercados, os análises do consumidor, a segmentación de mercados e as variables do marketing-mix.
- **Bloque 6, A información na empresa:** pretende iniciar ó alumno no coñecemento das

obrigas contables e as obrigas fiscais da empresa. Se tratan contidos como a composición do patrimonio, as contas anuais, o análise e interpretación da información contable y los distintos impostos que afectan ao funcionamento da empresa.

- **Bloque 7, La función financeira:** se analizan las distintas fontes de financiamento da empresa, tanto internas como externas, e a selección de inversións para desenvolver a súa actividade empresarial.

O reparto dos contidos do currículo relacionados co libro por avaliacións será:

- **Primeira avaliación:** unidades 1, 2 (Bloque I), 3, 4 (Bloque II), 5, 6 (Bloque III)
- **Segunda avaliación:** unidades 7 e 8, (Bloque IV) 9 e 10 (Bloque V)
- **Terceira avaliación:** unidades 11 e 12 (Bloque VI), 13 e 14 (Bloque VII)

4.7 Grao mínimo de consecución de estándares e procedementos de avaliación

En cada avaliación o alumno debaerá acadar o 50% da cualificación na media das probas escritas realizadas

4.8 Concrecións metodolóxicas que require a materia

Tratamento do fomento da lectura:

- Interese por ler diante do grupo con claridade e vocalizando.
- Valoración se a información dada por un texto é fiable, atendendo ás unidades de medida que se mencionan.
- Comprensión do enunciado dun problema a partir da análise de cada unha das partes do texto e a identificación dos aspectos máis relevantes, comprobación da coherencia da solución co problema proposto.
- Análise dos aspectos máis destacables dos gráficos a partir de exemplos tomados dos medios de comunicación e de informacións relacionadas co ámbito económico.
- Expresar concisa e claramente unha análise económica baseada nun conxunto de datos dados.
- Valoración crítica das informacións económicas que aparecen nos medios de comunicación, sabendo detectar, se os houbese, abusos e usos incorrectos.
- Recoñecemento e valoración da utilidade da linguaxe económica para representar e axudar a entender problemas da vida cotiá.
- Utilización de ferramentas tecnolóxicas para facilitar os cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico..
- Utilización da calculadora como axuda nos cálculos matemáticos con números decimais e fraccións.
- Utilización de programas informáticos como axuda na resolución de problemas variados.
- Utilización da calculadora ou folla de cálculo para organizar datos, calcular parámetros centrais (media, mediana, moda) e de dispersión (percorrido e desviación típica) e xerar os gráficos máis adecuados á situación estudada.
- Emprego do computador para buscar información en Internet útil.

– Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de estudo.

Proporanse medidas de reforzo mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual

Proporanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos. Así en cada tema serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, vídeo presentacións, textos...)

A través da aula virtual da materia garantirase o seguimento da materia a aquel alumnado que, por razóns xustificadas, non poida durante algún tempo asistir ás clases.

4.9 Materiais e recursos didácticos

- Material de traballo aportado polo profesor.
- texto ECONOMÍA DE LA EMPRESA, editorial Galinova
- Para traballar seguindo o modelo e esquema das probas de Selectividade remitirase aos alumnos/as á consulta das páxinas web: <http://ciug.cesga.es>
- Aplicacións informáticas:
- A creación de empresas. CD-ROM. IGAPE. BIC GALICIA.
- Software diverso (Excell, Word, PowerPoint...).

Recursos web

- www.eea.eu.int Páxina da Axencia Europea de Ambiente.
- www.camerdata.es Páxinas webs das Cámaras de Comercio.
- www.rmc.es Páxina do Rexistro Mercantil.
- www.aeat.es Páxina da Axencia Tributaria.
- www.circe.es Páxina da Dirección Xeral de Política de Peme. Constitución de sociedades en Internet.
- www.paginas-amarillas.es Reúne información sobre empresas agrupadas por categorías.
- www.cis.es Páxina do Centro de Investigacións Sociolóxicas. Contén diversas enquisas, algunhas das cales teñen que ver coa motivación dos consumidores.
- www.cocacola.es Exemplo de páxina dunha empresa relevante no seu sector.
- www.zara.es Exemplo de páxina dunha empresa relevante no seu sector.
- www.ico.es Páxina do Instituto Nacional de Crédito.
- www.ipyme.org Dirección Xeral de Política de Pemes. Base de datos sobre axudas e subvencións.
- www.seg-social.es Páxina da Seguridade Social.
- www.inem.es Servizo Público de Emprego Estatal. Tipos de contratos de traballo, Estatuto dos Traballadores, etc.
- www.mtas.es/mujer Páxina do Instituto da Muller. Iniciativas para promover o emprego da muller.
- www.laboris.net Páxina web de busca de emprego.
- www.creaciondempresas.com Páxina de Improdex Desarrollo Empresarial S.L., que facilita información sobre a creación de empresas.
- www.constituciondesociedades.com Trámites on-line para constituír sociedades.
- www.emprendedorXXI.es Páxina de La Caixa. O portal do emprendedor innovador.
- www.aprendeaemprender.com Páxina elaborada pola Xunta de Castela e León dedicada a emprendedores.

4.10 Criterios de cualificación e promoción

4.10.1 Instrumentos de avaliación.

Probas escritas. Como mínimo unha por avaliación. 100%

4.10.2 Criterios de cualificación

A nota da avaliación será o resultado da puntuación obtida nas probas escritas realizadas. Estarán realizadas de tal xeito que conteñan cuestións tipo test, preguntas cortas e cuestións de desenvolvemento ou casos prácticos. Cada proba escrita poderá abarcar entre 1 e 3 unidades didácticas, en función da extensión e dificultade dos contidos. Cada exame estará valorado sobre 10. Para superar a materia deberá obtense cando menos a cualificación de 4,5 puntos no cálculo da media das 3 avaliacións, calculada a partir das cualificacións SEN REDONDEO obtidas en cada avaliación ou nos exames de recuperación correspondentes.

A proba escrita que poderá incluír:

- Probas obxectivas de resposta breve.
- Probas obxectivas comentadas, nas que se lle pide ó alumnado que comente ou xustifique a súa resposta.
- Probas de definición de conceptos, nas que se debe expresar un concepto e inclusive propor exemplos ilustrativos.
- Resolución de problemas.

Todas as cuestións ou problemas terán como referencia os criterios de avaliación correspondentes.

Como criterio de corrección das actividades e das probas escritas, valoraranse os coñecementos teórico/prácticos do alumnado, así como o rigor nos razoamentos desenvolvidos e na linguaxe empregada. No desenvolvemento dos problemas, exercicios e cuestións valoraranse os seguintes aspectos:

- ✓ A coherencia ordenada e razoada na exposición da resposta.
- ✓ A claridade da exposición.
- ✓ A utilización dunha adecuada terminoloxía.
- ✓ A facilidade e a precisión na realización do cálculo.

A falta de asistencia aos exames non é recuperable, salvo en caso de xustificación médica (en caso de enfermidade) ou de institución oficial (no caso de requerimento para exames ou por causa ineludible). A recuperación de exames aos que se faltou por causa xustificada farase antes da avaliación, de ser posible, ou posteriormente e farase constar no caderno do profesor.

En dita materia non está permitido o uso de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes nin calquera outro dispositivo electrónico durante as probas escritas. Se nalgunha das probas escritas o profesor/a ve a algún alumno copiando, ou realizando algún acto que se puidera considerar sospeitoso do mesmo (entendendo como tal falar cun compañeiro, intercambiar algún tipo de material durante as probas, manipular obxectos nos bolsillos, utilizar material non permitido como libro de texto ou apuntes, etc.) inmediatamente procederá a retirada do exame e obterá unha cualificación de cero nesa proba, polo que o alumno se verá obrigado a acudir a recuperación da avaliación, non sendo posible recuperar só ese exame. Igualmente se ve a algún

alumno utilizando o móbil ou algún outro dispositivo sospeitoso tal como reloxo, auriculares ou pinganillo, a actuación será a mesma.

4.10.3 Criterios de promoción

A nota final do curso será a media aritmética das cualificacións obtidas nas 3 avaliacións. O alumnado que non acade a cualificación de 5 poderá presentarse á unha proba final de todos os contidos do curso.

Avaliación extraordinaria:

Consistirá nunha proba final da materia Dita **proba será global**; estará referida ás unidades de traballo e ós criterios de avaliación asociados, recollidos na presente Programación; a súa estrutura coincidirá coa das realizadas ó longo do curso. A valoración máxima será de 10 puntos e deberase obter un mínimo de 4,5 puntos no exame para considerarse superada cun 5.

4.11 Organización de materias pendentas.

Non existe alumnado en esta situación porque a materia non é de continuidade

4.12 Concreción dos elementos transversais

Os contidos transversais son elementos educativos básicos que han de integrarse nas diferentes áreas e que a sociedade demanda. Sempre se poderán introducir aspectos relacionados cos temas transversais e para integrar os devanditos temas servíronos e valeremos da actitude e comportamento que o profesor ten para os alumnos e alumnas, xa que son un exemplo para imitar ou desprezar polo alumnado.

Dentro do desenvolvemento das UD., trataranse como contidos ou áreas transversais os que máis acorde que vaian o tema para desenvolver, dos oito establecidos (moral e cívica, igualdade de sexos, consumidor, para a paz, para a saúde, ambiental, sexual e viaria). Estes serían:

a) Educación moral e cívica: co fin de que os alumnos saiban actuar e resolver problemas en determinadas situacións cotiás, poñerase en práctica na aula a explicación sistemática de alternativas, a precisión da linguaxe, a perseveranza na procura de solucións, etc.

b) Educación para a igualdade de sexos: comportarémonos e actuaremos de forma solidaria e comprensiva, potenciado o respecto cara a si mesmo e cara aos demais. Utilizaremos a linguaxe de forma non discriminatoria, utilizaremos materiais non sexistas, faremos fincapé na ruptura dos estereotipos sociais, das profesións das mulleres mediante a orientación laboral.

c) Educación do consumidor: mostraremos coa nosa actitude, un uso racional e adecuado das cousas, evitando accións de consumo desmesurado sen un fin ou obxectivo concreto, é dicir accións do comprar por comprar, senón transmitir valores de racionalidade ante o consumo.

d) Educación para a paz: debemos potenciar o diálogo entre os suxeitos, como a mellor forma de resolver os conflitos e desenvolver unha actitude de respecto e recoñecemento das persoas que fomenta a convivencia e a pluralidade de ideas.

e) Educación ambiental: fomentando hábitos colectivos como: non contaminar con pilas, non utilizar papel descontroladamente, fomentar o coidado da contorna, etc.

f) Educación para a saúde: fomentando hábitos colectivos como: non ensuciar a clase, nin o centro, potenciar o uso de papeleiras, etc.

4.13 Medidas de atención á diversidade

4.13.1 Directrices para a avaliación inicial.

O profesorado recompilara nos primeiros días de clase, información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias básicas, realizaranse probas, tamén se terán en conta os datos recollidos durante o desenrolo das clases, exercicios feitos na clase e na casa, actitude, etc.

O seu obxectivo é facilitar información sobre diversos aspectos do alumnado tales como o seu coñecemento acerca das destrezas propias da materia e a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores a media do grupo. Dita información servirá ó profesor para programar as adaptacións necesarias, así como as actividades de reforzo ou ampliación se fose necesario.

4.13.2 Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A proba levarase a cabo na primeira semana. Para levar a cabo a avaliación inicial do alumnado se propondrá a lectura dun texto con conceptos económicos básicos e se pedirá a resposta a unha serie de cuestións que tentarán valorar a súa capacidade de análise e síntese e captación da información.

Sobre a lectura de ese texto se pedirá ao alumno que:

- ✓ seleccione e subliñe a tese principal e as subsidiarias
- ✓ exprese en un texto mínimo o sentido que tenta transmitir o texto
- ✓ defina os conceptos máis relevantes
- ✓ elabore un esquema coa relación entre os conceptos fundamentais do texto.
- ✓ explique a súa posición respecto ao problema de forma que permita valorar a súa capacidade argumental.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE TRANSVERSAIS	nulo	básico	bo	avanzado
lectura comprensiva de textos	0	0,5	0.75	1p
Análise crítico e identificación de teses filosóficos	0	0,5	0.75	1p
Elabora e comprende o vocabulario básico	0	0,5	0.75	1p
Elaboración de esquemas y mapas conceptuais	0	0,5	0.75	1p
Creación autónoma e propia	0	0,5	0.75	1p
Organización ordenada do texto escrito	0	0,5	0.75	1p
Uso dos recursos retóricos e lóxicos	0	0,5	0.75	1p

Proba de avaliación inicial (1)

NOME.....APELIDOS.....

.....

CURSO.....GRUPO

1. Cando les a prensa, como pasas polas noticias económicas?
 - Non leo a prensa.
 - Paso sen facer caso.
 - Léoas por encima.
 - Con interese.
2. Cal é a diferenza entre bens polos que hai que pagar un prezo e bens que son gratis? Debería ter prezo a auga? E o aire?
3. Explica brevemente que é para ti o diñeiro e que función cumpre na economía.
4. Que é o euribor? Por que crees que sobe?
5. Segundo o teu punto de vista, indica se teñen ou non igual significado os seguintes termos:
 - Valor e prezo dos bens.
 - Ingresos e riqueza dunha persoa.
 - Custo e prezo dos bens.
6. Como crees que se mide o nivel de vida dunha persoa?
7. Sinala algunhas razóns polas que crees que o Estado intervén nos asuntos económicos.
8. Indica se estás de acordo coas seguintes afirmacións e xustifica a túa resposta:
 - O prezo da vivenda dispárase por especulación.
 - O mercado é o mecanismo máis adecuado para coordinar a actividade económica.
 - Os empresarios só buscan obter beneficios.
 - O desenvolvemento dun país depende só dos seus recursos económicos.
 - Os prezos soben porque os salarios soben.
 - As empresas privadas funcionan mellor que as públicas.
 - O paro é consecuencia da incorporación de novas tecnoloxías ás empresas.
 - A solución do paro está en traballar menos tempo e así distribuír mellor a ocupación.
9. Indica, segundo o teu punto de vista, cales son os problemas máis importantes da túa comunidade autónoma e da economía española, sinalando algunhas medidas que axuden a solucionarlos.
10. Ordena, segundo a túa opinión, as seguintes formas de distribución dos ingresos dun país, incluíndo outras que ti consideres:
 - A partir do risco e o investimento que se asuma.
 - Segundo a importancia e calidade do traballo realizado.
 - Segundo as horas de traballo de cada cal.
 - A cada cal segundo as súas necesidades.
 - Outros que propoñas:
11. Cando escoitas os informativos sobre temas económicos, cal é o teu nivel de comprensión?
 - Nada.
 - Moi pouco.
 - Decátome a medias.
 - Bastante.

Proba de avaliación inicial(2)

Lectura dun texto e responder a preguntas

Con estas actividades de avaliación inicial pretendemos detectar os coñecementos previos dos nosos alumnos á vez que motivar e presentar de maneira introdutoria a planificación elaborada da materia (avaliacións, materiais, obxectivos, metodoloxía, etc.) para o curso lectivo.

M^a Isabel Añón Lista, Xefa de Departamento.